




Odisea, Homero

Aínda que sempre é un bo momento para ler literatura clásica, este ano, no que se conmemora a figura de Begoña Caamaño polo día das nosas letras, a ocasión vén ao pelo para recalar e afondar nas fontes nas que se basea o seu *Circe ou o pracer do azul*. Desde o albor da literatura occidental, Homero interpélanos cunha voz que sempre nos acompañará.

The acts of King Arthur and his noble Knights, John Steinbeck

O dito arriba a propósito de Begoña Caamaño e Homero vale tamén para recomendar este título como complemento da lectura de *Morgana en Esmelle*. Steinbeck, nobel de literatura en 1962, reescribe, no século XX, a lenda artúrica partindo do manuscrito do século XV *Le Morte d'Arthur*, onde Thomas Malory compilou a historia do rei Artur e os seus famosos cabaleiros.




Contos baseados no teatro de Shakespeare, Charles e Mary Lamb

Para rematar esta breve sección dedicada á literatura clásica e as súas versións modernas, recomendamos esta famosa adaptación feita polos irmáns Charles e Mary Lamb a comezos do século XIX. A obra transforma pezas complexas de Shakespeare en contos accesíbeis para todas as idades, centrándose na narrativa e simplificando a linguaxe poética




Solenoides, Mircea Cărtărescu

Trátase da obra magna deste autor romanés candidato ao Premio Nobel, un dos escritores máis contundentes da actualidade. Presenta un retrato do artista que loita para resolver o grande enigma do mundo a través de experiencias que transitan entre o soño e a realidade. Moi recomendábel, case imprescindible.



Sexual Personae, Camille Paglia

Arte e decadencia desde Nefertiti a Emily Dickinson é o expresivo subtítulo deste referencial estudo feminista feito desde unha perspectiva crítica, polémica e heterodoxa, pero de lectura moi aconsellábel e estimulante por achegar un feminismo culto, afastado de lugares común e enfrontado a certas actitudes intelectuais confortables propias do mundo académico.



A vontade de cambiar: homes, masculinidade e amor, bell hooks

Traducido por Paulo Rendo e cun ensaio introdutorio de Xosé Cabido, neste libro bell hooks convoca os homes para o cambio e chama as mulleres a axudar nesta transformación. Ístanos a matar o home patriarcal para que agrome o novo home feminista



O país invisible. A epopea atlántica da diáspora galega, Arturo Lezcano

Guiado pola desmesura de vinte anos de viaxes e mudanzas, entrevistas e lecturas, armado das ferramentas do reporteirismo minucioso e adobiado polo talento literario, Arturo Lezcano asina unha obra monumental que se le como unha fábula, un libro de viaxes, unha elexía e unha crónica en primeira persoa.



Galicia negra, VV.AA.

Un libro que vén hackear o lado escuro de Galicia. Xente que mata a ferro, a lume ou a man. Non son manifestacións do mal absoluto, senón froito de momentos ou intereses concretos de persoas determinadas. É unha compilación de crónicas e reportaxes sobre eses momentos, persoas e intereses. Escritos para tentar de arrojar luz en casos como o de Asunta, o de Diana Quer, a 'Operación Carioca'...



EPA BERBÉS VIGO


Suxestións Lectoras Verán 2026



Pídome...

Web:

<https://epavigo.es/biblioteca>



Baixo o ceo de xeo, Adrián Pérez Bote

O autor, nado en Vigo no 1992, é matemático, especializado en estatística e intelixencia artificial. Desde rapaz é lector de ficción científica e fantasía, ao tempo que un apaixonado da ciencia e a tecnoloxía. Estes intereses influencian con forza a súa incipiente obra literaria.



Fábula das aves, Manuel Forcadela

Neste último título de poesía publicado ata agora por Manuel Forcadela “A vida, “esa mestura / da forza da vontade / e do poder do azar” constitúe a materia central.” É para algunha crítica “Alta música de pensamento e linguaxe.”

Olga Novo en *Luzes*

Suxerimos encarecidamente a lectura das colaboracións de Olga Novo – Premio Nacional de Poesía en 2020– na revista Luzes: <https://luzes.gal/author/olga-novo/>; particularmente a titulada A medida do amor: <https://luzes.gal/09/01/2019/autores-web/olga-novo/a-medida-do-amor/>



A parte fácil, Ismael Ramos

Cun dos contos, “A lebre”, deste seu primeiro libro de narrativa, Ismael Ramos convértese no primeiro autor do Estado español en recibir o galardón considerado máis importante do relato no ámbito internacional, o premio O. Henry. A tradución ao inglés dese relato foi publicada pola revista estadounidense *The Common* en marzo de 2025



Lampíricos, Antón Lopo

“A linguaxe é o único transcendente que podemos habitar”, asegura **Antón Lopo** (Monforte de Lemos, 1961), un autor que se move nos límites porosos da poesía, sexa na súa dimensión de poeta, performer, novelista ou na de xornalista. Recomendamos esta reedición bilingüe traducida polo tamén poeta Ismael Ramos.




Sirat, Oliver Laxe

Un home (Sergi López) e mais o seu fillo (Bruno Núñez) chegan a una *rave* perdida en Marrocos. Procuran a Mar, a súa filla e irmá, desaparecida hai meses nunha desas festas sen amencer. Seleccionada por España como candidata ao Oscar a Mellor película internacional

Besta do seu sangue, Emma Pedreira

Esta obra relata, con grande orixinalidade, unha historia inspirada na figura e no mito de Blanco Romasanta propugnando unha revisión de xénero. Disposta como un conxunto fluído de microunidades narrativas, nela conviven os rexistros culto e coloquial para venciñar as voces partícipes da historia e da creación do mito de quen foi considerada a primeira persoa asasina en serie da nosa historia.



As nais non, Katixa Agirre

Isaac Xubín traduciu ao galego esta proposta heterodoxa, talvez disidente, construída cos fios da ficción e a autoficción, da investigación e o dietario, da crónica e do ensaio, que se achega á maternidade, ou á súa idealización, con crueza e sensibilidade a través de dúas historias que semellan independentes mais que non o son. Hai versión cinematográfica baixo o título de “Salve, María”.

Morgana en Esmelle, Begoña Caamaño

Begoña Caamaño consegue propoñer unha ollada diferente sobre o mundo artúrico e a Terra de Miranda. Son os remorsos e as culpas sentimentos que nos acompañan toda a vida? Temos acaso dereito a esquecer os danos causados polas nosas decisións? Con preguntas semellantes, a chegada de Morgana racha a aparente serenidade coa que Merlín vive na fraga de Esmelle. Unha novela que reescribe o mito cunha ollada contemporánea



Mondra

Artista cantareiro e bailador

Co seu álbum debut, titulado **ARDÉN** (Altafonte, 2023), acada o recoñecemento unánime de público e crítica. No mes de maio de 2025 Mondra lanza o seu segundo traballo discográfico, **DE RONDA** (Altafonte, 2025), un álbum persoal e irreverente, “para seducir ou ser seducido”, da man de Hevi (Laboratorio Soyuz).



Compostela, VV.AA.

Eis unha antoloxía de 22 relatos curtos coordinada por Xosé Manuel del Caño. Reúne voces consagradas e novas da literatura galega para ofrecer diversas olladas sobre a cidade de Santiago e os seus arredores. Trátase da terceira escolma de relato curto tras *Fisteria* e *Miño*.



Meu Cen: Cantigas industriais e brutalismo, emocional, Eris Mackenzie

Carlos Eiris, coñecido artisticamente como Eris MacKenzie, é un produtor, compositor e cantante galego que mistura a electrónica con sons da tradición musical galega.

